

“UNHA BIBLIOTECA PARA XELA”

Dinamizar e visibilizar a Biblioteca P. M. Xela Arias (Chapela-Redondela)
no ano Xela Arias das Letras Galegas



■ INTRODUCCIÓN:

No ano 2018 Redondela recoñeceu a figura da escritora Xela Arias ao poñer o seu nome á súa **Axencia de Lectura Municipal situada na parroquia de Chapela (Redondela)**.

Isto debeuse a que, nese ano, o Concello de Redondela, previa iniciativa das bibliotecas municipais de Redondela e coa colaboración do Servizo de Normalización Lingüística municipal, convidara á cidadanía a participar na elección dun nome para a Axencia de Lectura.

Foi o de Xela Arias, proposto pola biblioteca do IES Chapela, instituto no que esta escritora impartiu clases, o escollido entre diversas propostas de nomes de figuras vinculadas á literatura e á lingua galega.

A elección recibiu a aprobación unánime do Pleno municipal en novembro dese ano.

A Biblioteca P. M. Xela Arias (Chapela-Redondela), denominación baixo a que se lle coñece desde ese momento, comezou así unha renovada singradura; pero iso xurdía nun momento de certo parón e dificultade para o servizo. A pesar dos esforzos constantes por promocionar a Biblioteca Xela Arias e atraer aos usuarios e usuarias á mesma, os resultados cuantitativos por entón non estaban a satisfacer ao persoal das bibliotecas.

Por iso, cando a Real Academia Galega anunciou que **2021** ía estar **dedicado a Xela Arias**, ao ser a autora homenaxeada do **Día das Letras Galegas** deste ano, desde as bibliotecas de Redondela vimos unha gran oportunidade. **Era o momento de converter a figura desta escritora na mellor embaixadora para dar a coñecer a biblioteca de Chapela, pero tamén queríamos que fose no sentido inverso: transformar á Biblioteca de Chapela no mellor lugar para dar a coñecer a obra e transcendencia literaria da poeta, tradutora, editora e dinamizadora cultural Xela Arias.**

Este foi o punto de partida do proxecto, ao que van asociadas unha serie de actividades que detallaremos.

■ OBXECTIVOS:

1. Promover, dinamizar e visibilizar a Axencia de Lectura de Chapela (Redondela) que en 2018 recibiu o nome de Biblioteca P. M. Xela Arias (Chapela-Redondela).
2. Contribuír á difusión da figura da escritora, tradutora, editora e docente galega Xela Arias á que se lle dedica este 2021 o Día das Letras Galegas. Dar a coñecer tanto a produción poética, como o resto da súa traxectoria profesional en todas as súas facetas. Ofrecer tamén unha visión da Xela muller: o seu lado máis humano e persoal.
3. Poñer a Redondela como punto de referencia nesta gran celebración das Letras Galegas sendo a de Chapela a única biblioteca que leva o nome de Xela Arias e a única institución, ata onde sabemos, co nome da artista.
4. Solventar a través de instrumentos de difusión non presenciais as dificultades sobrevividas dun ano de pandemia. Evitar accións que implicasen reunir fisicamente ás persoas, sen que iso mermase a intensidade e influencia do proxecto.
5. Innovar nos medios utilizados para conmemorar a tradicional celebración das Letras Galegas.

■ PÚBLICO ao que se dirixe:

Xeral, de todas as idades e condicións.

■ LUGARES de celebración do proxecto :

Bibliotecas Municipais de Redondela: Biblioteca P. M. Valle-Inclán de Redondela e Biblioteca P. M. Xela Arias (Chapela-Redondela) e as súas redes sociais; Radio Municipal de Redondela: as súas ondas e redes sociais; Rede de Emisoras Municipais Galegas (EMUGA) e as súas ondas; Centros de ensino de Redondela e outros municipios; Centros de Maiores de Redondela; web e redes sociais do Concello e doutros organismos e persoas que se fixeron eco das emisións.

■ AXENTES que colaboraron coa biblioteca para a realización do proxecto:

Radio Municipal de Redondela, Centros escolares, Rede de Emisoras Municipais Galegas (EMUGA), veciños e veciñas de Redondela e arredores, Concellería de Cultura, Servizo de Normalización Lingüística do concello de Redondela, a narradora e dinamizadora cultural Ana Facchini, a actriz e contacontos Raquel Queizás, M^a Jesús Nogueira, doutora en Filoloxía Galega; don Manuel Bragado, profesor e ex director da editorial Xerais; a familia da poeta e todos aqueles persoeiros do mundo da cultura e as letras que colaboraron prestando as súas voces aos poemas de Xela Arias e o seu tempo e recordos nas entrevistas referidas á mesma.

■ PROXECTO:

➡ Xela a Diario

As Bibliotecas Municipais de Redondela puxemos en marcha unha homenaxe radiofónica, a través das ondas da [Radio Municipal de Redondela \(Radio Redondela\)](#), á autora Xela Arias, homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.

Baixo a coordinación e condución da dinamizadora cultural [Ana Facchini](#), realizamos a emisión de “Xela a diario”, programa cuxo título facía unha chiscadela á obra que Xela Arias dedicou ao seu fillo: “Darío a diario”. A iniciativa desenvolveuse en dúas fases: a primeira delas co nome [“Xela a diario. O poema somos nós”](#), do 5 ao 30 de abril e a segunda, [“Xela a diario. Voces amigas”](#), do 3 ao 17 de maio.

Dito proxecto nacera como algo máis pequeno e sinxelo pero foi crescendo conforme o fomos desenvolvendo. Inicialmente orixinábase baixo o nome #EspazoXela e ía consistir nunha lectura radiofónica diaria dos poemas da autora.

Con todo, a ilusión e iniciativa, tanto do persoal das bibliotecas como da coordinadora do proxecto, e o interese que foi despertado en persoas destacadas da cultura galega, o proxecto terminou por alcanzar unha dimensión que non esperabamos.

Ligazón a todos os *podcast* de “Xela a Diario. O poema somos nós” e de “Xela a Diario. Voces Amigas” nos meses de abril e maio: <https://bibliotecas.redondela.gal/tag/radio-redondela/>

Mencións nalgúns medios ao programa:

[Na web da Real Academia Galega](#)

[En @bretemas \(Twitter de Manuel Bragado\)](#)

[En Comarcas na Rede](#)

[Faro de Vigo](#)

[Zoom Pontevedra](#)

[Cope Vigo](#)

[@Bretemas](#)

[Aulas Galegas](#)

“Xela a Diario. O poema somos nós”

O programa emitíuse diariamente en Radio Redondela: de luns a venres, ás 11:00 h. e despois dos informativos das 14:00 e das 17:00 h. Tamén foi recollido pola [Rede de Emisoras Municipais Galegas \(EMUGA\)](#) as fins de semana, nas que se repetían as emisións semanais. Así mesmo, os *podcast* estiveron dispoñibles diariamente a través da páxina web e *Facebook* de Radio Redondela e nas redes sociais das Bibliotecas Municipais de Redondela.

“Xela a diario. O poema somos nós” reunía en cada unha das emisións, duns dez minutos cada unha, unha breve contextualización da biografía e obra da escritora, narradas pola coordinadora e condutora do programa, Ana Facchini.

Estes espazos ían acompañados da lectura diaria de poemas da autora homenaxeada nas voces de distintas figuras destacadas do mundo da cultura, ademáis do recitado da propia condutora. Finalmente deixábanse uns minutos para emitir as voces de persoas anónimas que nos enviaban as súas lecturas dos poemas de Xela Arias. Neste espazo tamén puxeron a súa voz a algúns poemas membros da corporación local, así como persoal das bibliotecas de Redondela.

Ligazón á convocatoria para o público: <https://bibliotecas.redondela.gal/porque-o-poema-sodes-vos-participacion/>

“Xela a diario. Voces amigas”

O 3 de maio deu comezo a segunda fase do proxecto co nome de “Xela a diario. Voces amigas”. Contou con catorce destacados invitados, entre eles persoas que coñeceron persoalmente á autora, así como membros da súa familia (a nai e o fillo da autora).

“Xela a diario. Voces amigas” emitíuse a través das ondas da Radio Municipal de Redondela do 3 ao 17 de maio, de luns a domingo, en horario de 12:00 e 17:00 h. Nas fins de semana tamén se emitiron entrevistas e foi difundido pola Rede de Emisoras Municipais Galegas (EMUGA). Ademais, os *podcast* estiveron dispoñibles diariamente, a través da páxina web e *Facebook* de Radio Redondela e nas redes sociais das Bibliotecas Municipais de Redondela.

Houbo detalles fermosísimos de gran xenerosidade por parte dalgúns dos convidados. Por exemplo, o [obsequio musical de Marcos Acuña, de Truque Matruque](#) que puxo música e voz a un poema de Xela como agasallo para o programa.

➡ Sintonía e cuñas publicitarias na radio

Ao tempo, o programa contou cunha sintonía musical moi axeitada: o tema “Tigres coma cabalos”, versión do poema de Xela Arias realizado polo grupo musical [A Banda da Loba](#), que abría cada unha das emisións e acompañaba todos os programas. Asimesmo cunhas cuñas publicitarias moi atraentes, realizadas coa voz de Ana Facchini e o fondo musical do tema “Intempériome”, do mesmo grupo e baseados na obra de Xela Arias, que foron emitidas na radio municipal con anterioridade ao comezo da emisión. Ambos temas foron cedidos de xeito desinteresado por este grupo musical para que formaran parte deste proxecto.

➡ “Xela a Diario. Especial Letras Galegas: O poema sodes vós”

No inicio do proxecto de “Xela a diario”, as bibliotecas puxéronse en contacto cos centros escolares de primaria e secundaria, a través do correo electrónico, para animalos a participar nesta iniciativa. O resultado foi este entrañable peche de programa que se emitiu o mesmo 17 de maio, Día das Letras Galegas. O programa radiofónico “Xela a diario” terminaba ese día a súa singradura despois de 6 semanas, e fíxoo co [recital de alumnos/as e profesores/as dos centros educativos que se sumaron á proposta “O poema somos nós”](#). O Club de Lectura do IES Illa de San Simón, o CEIP de Laredo, o CEIP de Cedeira, o CEIP Porto Cabeiro e o CEIP Josefa Alonso de Matamá (Vigo), converteron as ondas de Radio Redondela nunha sentida homenaxe a Xela Arias a través do recitado dos seus poemas. 120 voces que se puideron escoitar na 94.9 FM e na web de Radio Redondela o luns 17 de maio ás 12:00 e, novamente, ás 17:00 h. O *podcast* subíuse posteriormente ás redes sociais das Bibliotecas Municipais de Redondela e de Radio Redondela.

Ligazón ao podcast: <https://www.radioredondela.com/2021/05/17/xela-a-diario-o-poema-sodes-vos/>

No blogue dun dos centros escolares:

<http://normalizacionebiblioteca.blogspot.com/2021/06/xela-diario.html>

➡ “COMPÁRTOME: un achegamento virtual a Xela Arias”

O 10 de maio, as Bibliotecas Municipais de Redondela e os centros de ensino superior do noso concello gozamos dunha actividade destinada a difundir a figura de Xela Arias entre os/as alumnos/as dos centros de secundaria. O encontro, que levaba o suxestivo nome de “Compártome: un achegamento virtual a Xela Arias”, en alusión a un verso da poeta, estaba organizado polas bibliotecas e ía dirixido aos centros de ensino superior do municipio. Nel participaron, a través da plataforma *Zoom*, un total de 180 persoas. Daniel Boullosa, concelleiro de Cultura de Redondela, presentou a actividade, que virou ao redor dunha amena e dinámica exposición sobre a autora por parte da especialista en poesía contemporánea M^a Xesús Nogueira, doutora en Filoloxía Galega, profesora na Facultade de Humanidades de Lugo e unha gran estudosa desta autora. O evento contou tamén coa presenza de Darío Gil Arias, fillo de Xela, que descubriu novos aspectos acerca da figura da súa nai. Os alumnos e alumnas dos centros participantes (IES Chapela, IES Illa de San Simón,

IES Mendiño, IES Pedro Floriani e CPR Colexio Vigo) leron diversos poemas da poeta e tradutora lucense.

Ligazón: <https://bibliotecas.redondela.gal/compartome-un-achegamento-virtual-a-xela-arias/>

Mencións nalgúns medios á actividade:
[COPE Vigo](#)

➡ **“BUSCANDO A XELA”, visita virtual á Biblioteca P. M. Xela Arias (Chapela-Redondela)**

Unha das consecuencias da pandemia e das restricións nos centros de ensino, foi a imposibilidade de realizar as habituais visitas escolares. Para tentar enmendar isto nun ano tan importante para a nosa biblioteca, xurdiu a idea de ofrecer aos centros de primaria unha visita de carácter virtual. Con ela, ademais de dar a coñecer os espazos da biblioteca achegárase a figura da escritora a este público, cunha linguaxe e unha adaptación do discurso a esta franxa de idade. Tendo en conta que a maioría das accións e actividades que se estaban desenvolvendo arredor da figura desta escritora se dirixían cara a público adolescente ou adultos, pareceunos que este vídeo, pensado en nenos e nenas máis pequenos, podería ter moita repercusión... E así foi.

Esta videovisita se anunciou previamente cun *trailer* cheo de suspense, que atraeu a curiosidade e a atención.

A emisión dura uns 10 minutos que se pasan voando, xa que a narración da mesma é dinámica e desenfadada, xoga co misterio, coa sorpresa e co humor, e traslada de forma moi ben fiada todo un discurso divulgativo de coñecemento a través do entretemento.

O vídeo conta coa dirección, guión e interpretación da actriz e contacontos Raquel Queizás, e a gravación de Fernando Carreira.

Ligazón ao trailer: <https://youtu.be/3IKNaDR5Jek>

Ligazón á visita virtual: <https://youtu.be/tycyYCfCEqc>

Nesta ligazón algúns dos colexios que “buscaron e atoparon a Xela”e que nos fixeron chegar a súa experiencia:

<https://bibliotecas.redondela.gal/buscando-e-atopando-a-xela-arias-e-a-sua-biblioteca/>

Mencións nalgúns medios á visita virtual:
[Comarcas na Rede](#)

[Cope Vigo](#)

[Atlántico Diario](#)

[@bretemas](#)

■ Medidas de publicidade ou DIFUSIÓN das actividades:

Web, Facebook e ondas de Radio Redondela; Rede de Emisoras Municipais Galegas (EMUGA) ; web e Facebook do Concello de Redondela; cartelería, correo electrónico, redes sociais (blogue, web blogue (en desenvolvemento), Instagram), e Mailchimp das Bibliotecas Municipais de Redondela; web da Real Academia Galega; Portal educativo Aulas Galegas;

@bretemas twitter de Manuel Bragado; redes sociais de Ana Facchini e Raquel Queizás; prensa escrita e en liña; WhatsApp persoal de todas as persoas implicadas no proxecto.

Tamén nos servimos dos cancelos: #XelaAriasRadio #LetrasGalegas2021 #XelaADiario #XelaArias2021 #RedondelaconXela

A participación da nosa biblioteca nos *webinarios* de BAMAD Galicia: [“Arquivos, Bibliotecas e Museos en tempos de confinamento: achegamento á cidadanía”](#), no que ofrecemos o relatorio “Bibliotecas + Radio: contaxiando cultura en Redondela a través das ondas” foi, ao tempo, un excelente xeito de difusión deste proxecto no medio profesional bibliotecario da nosa comunidade.

A través do contacto facilitado polo Servizo de Normalización Lingüística do concello de Redondela púxose en coñecemento da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia o que as bibliotecas ideamos para a conmemoración das Letras Galegas deste ano para que tivesen en conta ao concello de Redondela e, de modo particular, á Biblioteca P. M. Xela Arias, nas celebracións desta efeméride. Así mesmo, contactouse e remitiuse toda a información á Real Academia Galega.

■ Ferramentas de seguimento e avaliación das actividades:

Este proxecto ao redor da figura de Xela Arias e da nosa biblioteca da parroquia de Chapela foi, entre todos os desenvolvidos ata o momento, o máis especial e tamén o que maior esforzo requiriu. Imprevistas circunstancias de carácter persoal e profesional fixeron perigar o normal desenvolvemento da actividade, pero grazas á profesionalidade e compromiso das partes implicadas todo saíu adiante sen que se menoscabase a calidade dos resultados.

Desde as bibliotecas queremos agradecer dun xeito máis destacado a implicación das “dúas Anas” do proxecto: Ana Facchini, sen a cal “Xela a diario” non tería a calidade e transcendencia que acadou, e Ana Prieto única persoa, nestes momentos, á fronte de Radio Redondela que afrontou como *unha jabata* o incremento de traballo que implicou esta programación especial. Así mesmo, Raquel Queizás foi a mellor embaixadora de “Buscando a Xela” así como o foi, de “Xela a diario”, don Manuel Bragado, antigo director da editorial Xerais.

Todo foron boas disposicións por parte dos que participaron e colaboraron neste proxecto: destacadas figuras do ámbito cultural galego, a familia de Xela Arias, sempre cariñosa e alentadora, editoriais,... todos cunhas axendas moi cheas nese momento.

Compraceunos moito poñer de relevo, a través deste proxecto, o medio radiofónico, tan querido para as bibliotecas de Redondela pola estreita colaboración que levamos desenvolvendo desde hai moitos anos coa radio da nosa localidade.

En canto aos programas radiofónicos non podemos facilitar datos cuantitativos do seu alcance, aínda que grazas ao *feedback* persoal con usuarios/as, centros escolares, familia de Xela,... sabemos que a percepción foi máis que satisfactoria.

A visita virtual **Buscando a Xela**, cumpriu con fartura os nosos obxectivos e expectativas que eran *poñer no mapa* á nosa biblioteca, así como a Redondela e dar a coñecer a figura de Xela Arias. Grazas a este vídeo son moitos/as os/as que hoxe oíron falar da Biblioteca P. M. Xela Arias de Chapela (Redondela), ao tempo que na nosa comunidade a figura de Xela Arias vese máis recoñecida e destacada.

N.º de visualizacións ao trailer a 18 de xullo de 2021: **365** visualizacións

N.º de visualizacións á visita virtual a 18 de xullo de 2021: **1913** pero cun maior alcance en canto ao número de persoas, pois moitos visionados realizáronse de forma colectiva desde centros de ensino, amén de centros de maiores.

En canto a estes últimos, próximo xa o Día das Letras Galegas achegouse á biblioteca de Redondela a monitora dun dos Centros de maiores que máis libros adoitan levar en préstamo e pediunos algúns títulos que puidesen traballar cos seus usuarios/as ao redor desta efeméride. Nese momento démonos conta de que tanto as emisións radiofónicas como a visita virtual eran moi adecuadas para os/as usuarios/as destes centros debido á súa brevidade e amenidade. Así, enviamos un correo electrónico coas ligazóns aos *podcast* de Xela a diario e á *videovisita* á Biblioteca Xela Arias.

CALENDARIO das actividades do proxecto * (1)

Actividades	Data de inicio			Data de fin		
	Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano
Programa radiofónico "Xela a diario. O poema somos nós"	05	04	2021	30	04	2021
Programa radiofónico "Xela a diario. Voces amigas"	03	05	2021	16	05	2021
"Xela a Diario. Especial Letras Galegas. O poema sodes vós"	17	05	2021	17	05	2021
"Compártome: un achegamento a Xela Arias"	10	05	2021	10	05	2021
"Buscando a Xela" visita virtual á Biblioteca Xela Arias de Chapela	25	04	2021	17	05	2021

***(1) As actividades teñen un percorrido que se estende a todo o ano 2021 coa excepción de "Compártome: un achegamento a Xela Arias"**

 ORZAMENTO das actividades

ACTIVIDADES	Custo
Programa radiofónico "Xela a diario. O poema somos nós" (coordinadora e condutora)	605,00 €
Programa radiofónico "Xela a diario. Voces amigas"	363,00 €
"Xela a Diario. Especial Letras Galegas. O poema sodes vós"	0,00 €
Carteles "Xela a Diario" (deseño e impresións)	105,02 €
"Compártome: un achegamento a Xela Arias"	0,00 €
"Buscando a Xela" visita virtual á Biblioteca Xela Arias de Chapela (actriz e relatora)	848,00 €
"Buscando a Xela" visita virtual á Biblioteca Xela Arias de Chapela (gravación video e trailer)	1.694,00 €
TOTAL	3.615,02 €